


A Circular 1/93, do 26 de febreiro, conxunta da Dirección Xeral de Orzamentos, e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, establece os criterios para a contabilización dos ingresos xerados polos centros de xestión do Servicio Galego de Saúde, recollendo no seu anexo o código dos conceptos de ingresos.

Co fin de adecua-lo código dos conceptos o novo sistema de codificación dos recursos, a partir do 1 de xaneiro de 2005, tódolos centros de xestión do SERGAS, deberán cambia-los códigos dos conceptos polos que se recollen no anexo que se acompaña. Asemade, tódolos dereitos recoñecidos e pendentes de recadar a data sinalada, asinaráselles o novo código, de tal xeito que cando se recaden se faga co novo código.

En todo o demais continúa vixente a antedita circular 1/93.


Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2004

A Directora Xeral de Orzamentos



Asdo.: María Casais Mira

O Interventor Xeral da Comunidade Autónoma



Asdo.: Juan José Novoa Montero

CIRCULAR Nº 1/1993, DO 26 DE FEBREIRO, CONXUNTA DA DIRECCION XERAL DE PRESUPOSTOS E A INTERVENCION XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA.

ASUNTO: CONTABILIZACION DE INGRESOS POLOS CENTROS DE XESTION DO SERGAS.

Co obxecto de unifica-los criterios que se veñen utilizando polos diferentes Centros de Xestión na contabilización dos ingresos, e de homoxeneiza-la información resultante nos Servicios Centrais do SERGAS, díctanse as seguintes

I N S T R U C C I O N S

PRIMEIRA.

Tódolos ingresos que se produzan en calquera centro de xestión do SERGAS, contabilizaranse utilizando o programa informático de ingresos que ós efectos foi subministrado en setembro de 1991 e en febreiro de 1993 ós hospitais transferidos das Deputacións da Coruña e Ourense.

SEGUNDA.

Cada debedor ten que quedar perfectamente identificado mediante o seu número de identificación fiscal (columna de D.N.I. / N.I.F.), e o seu nome ou razón social.

A columna correspondente a "Referencia" utilizarase para rexistra-lo número de factura, que deberá ser correlativa indicando o ano a que corresponda (Ex.- 1/92). En cada exercicio iniciarase novamente a numeración.

Na columna "Texto" indicarse a explicación da débeda (Ex.- Canon cafetería, Debedores tráfico, Aportación Fondo Asistencia Social, etc.).

O campo reservado a "Concepto" destinarase á anotación da conta de ingresos que corresponda, segundo o anexo a esta Circular, sendo imprescindible que a partir do 1 de xaneiro de 1993 se faga seguir do ano en que se contraeu o debedor (Ex.- 100363/93, que indica debedores varios por débeda contraída en 1993).

Na súa consecuencia, e tamén a partir da mesma data (1-1-93) tódolos ingresos dos cales a débeda se contraese en exercicios anteriores deberán seguirse do ano que corresponda (Ex.- 100364/91, que indica o cobro en 1993 dunha factura contraída en 1991).

As anotacións que se efectúen en contas dos que o seu concepto vaia seguido de ano 91 ou 92, unicamente poderán ser acreedoras e cancelarán saldos debedores das mesmas contas que no seu día se contabilizaron sen ano.

E evidente que, agás estas excepcións, todo concepto deberá ter sempre saldo debedor ou cero, sendo imposible o saldo acreedor, ó non poder existir ingresos sen débeda previa.

TERCEIRA.

Continúan vixentes as instrucións dictadas en 1991, relativas á contabilización de ingresos, polo que respecta á:

A) Ingresos realizados nas antigas contas da Tesourería Xeral da Seguridade Social (nestes momentos non deberían producirse).

A.1).- Se corresponde a un debedor contraído con anterioridade a 31-12-90 e polo tanto o ingreso corresponde á Tesourería da Seguridade Social, o concepto será o seguinte:

999999 / Código conta ingresos que corresponda segundo o nomenclátor da Comunidade Autónoma.

A.2).- Se corresponde a un debedor contraído con posterioridade a 31-12-90 e polo tanto o ingreso corresponde á Comunidade Autónoma, o concepto estará formado polo código de ingreso da Comunidade Autónoma, seguido dunha barra e os díxitos correspondentes á provincia.

311701.- A Coruña

311702.- Lugo

311703.- Ourense

311704.- Pontevedra

B) Ingresos que se produzan nas contas que ós efectos ten abertas a Comunidade Autónoma.

B.1).- Se corresponde a un debedor contraído con anterioridade a 31-12-90 e polo tanto o ingreso corresponde á Tesourería da Seguridade Social, o concepto estará formado polos díxitos correspondentes á provincia:

320701.- A Coruña
320702.- Lugo
320703.- Ourense
320704.- Pontevedra

seguido dunha barra e o código de ingreso da Comunidade Autónoma que corresponda.

B.2).- *Se corresponde a un debedor contraído con posterioridade a 31-12-90 e polo tanto o ingreso corresponde á Comunidade Autónoma, o concepto estará formado polo código da conta de ingreso ó que corresponda, seguido dunha barra e o ano en que se contraeu a débeda.*

As anotacións que se produzan como consecuencia dos supostos indicados no A) e B) só poderán ser acreedoras por corresponder a aboamentos e rexistraranse no haber da conta de ingresos.

CUARTA.

Os hospitais provinciais transferidos á Comunidade Autónoma (Provincial de A Coruña, Conxo e Provincial de Ourense) seguirán estas instrucións para a contabilización de tódolos dereitos recoñecidos e / ou recadados que se produzan a partir de 1-1-93, se ben as referencias que nesta Circular se fan á Tesourería da Seguridade Social, entenderanse referidas á Deputación Provincial correspondente.

A data de 31-12-90 que se corresponde coa transferencia do INSALUD, entenderase referida ó 31-12-92 ou na que se produza a transferencia, para os ditos hospitais provinciais.

QUINTA.

Tódolos ingresos que se produzan en calquera das contas citadas na instrucción terceira, que correspondan a debedores contraídos con anterioridade a 31-12-90 ou 31-12-92 para os hospitais provinciais, deberán notificarse por cada Centro de Xestión á Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou Deputación Provincial correspondente, co fin de cancelación da débeda por esa entidade.

SEXTA.

Respecto á facturación e cobro de debedores por accidentes de traballo, dado que se utiliza a intermediación das Direccións Provinciais da Tesourería Xeral da

Seguridade Social, deberá seguirse o procedemento seguinte:

a) *A emisión da factura orixinará a súa contabilización na conta 100365 / ano de emisión.*

b) *Simultaneamente contabilizarase a súa recadación na conta:*

100365 / 311701.- A Coruña

100365 / 311702.- Lugo

100365 / 311703.- Ourense

100365 / 311704.- Pontevedra

c) *A conta 100365 terá sempre saldo debedor que coincidirá co saldo acredor da conta 100365 / 31170_.*

d) *As facturas deberán remitirse ás Direccións Provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto cun resume por Mutuas Patronais e importes, co obxecto de compensación de débedas.*

e) *A relación de cobro coas diversas Direccións Provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social levarase a cabo pola Consellería de Economía e Facenda.*

SETIMA.

Nas operacións de contraído por recadado, é dicir, cando coincide o momento de emisión de factura co do cobro da mesma, produciranse simultaneamente ó mesmo debedor, referencia e conta, dúas anotacións; unha, debedora pola emisión da factura, e outra, acreedora polo cobro da mesma.

OITAVA.

As operacións de reintegro por pagos presupostarios indebidamente efectuados imputaranse ás contas 100380 ou 100381 segundo se trate dos seguintes supostos:

1.- Se o pagamento foi efectuado con cargo ó presuposto do exercicio vixente, o recoñecemento do dereito anotarase no debe da conta 100380 / ano de que se trate. O ingreso con independencia do ano en que se produza orixinará unha anotación no haber da mesma conta.

2.- Se o pagamento foi efectuado con cargo a un presuposto anterior ó exercicio vixente, o recoñecemento do dereito anotarase no debe da conta 100381 / ano do presuposto vixente. O ingreso, con independencia do ano en que se produza orixinará unha anotación no haber da mesma conta.

NOVENA.

O total do haber mensual do programa de ingresos, menos a suma dos saldos das contas que comecen por 999999/ e as que rematen por /31170_, debe coincidir co saldo da conta bancaria restrinxida de ingresos.

Mensualmente transferirase o dito saldo á conta operativa do SERGAS -Caixa 07- do Banco Galego.

Os Centros de Xestión absteranse de remitir aquela información que non sexa coincidente.

No caso de que aínda segan abertas as antigas contas de ingreso, o saldo mensual que deberá transferirse á Caixa Postal, conta de recursos diversos da Tesourería Xeral da Seguridade Social, deberá coincidir cos saldos acredores mensuais das contas que comenzan por 999999/ e as que rematan en /31170_, agás as referidas a Mutuas Patronais (neste último caso).

DECIMA.

A información a render por cada Centro de Xestión, conforme indicábase nas instrucións remitidas en 1991, ten que se-la seguinte:

MENSUALMENTE:

- *Listados por conceptos (opción 2 Tanto o xenérico como o resume.*
- *Extractos contas bancarias.*

ANUALMENTE (con data 31 de decembro):

- *Balances de acredores / debedores tanto con detalle, como sen el.*
- *Listado por conceptos desde o primeiro ata o último día do ano. Tanto o xenérico como o resume.*

A documentación mensual terá que obrar en poder da Dirección Xeral de Presupostos (Servicio de Persoal e Recursos Propios do SERGAS) dentro dos 10 días seguintes á finalización do período que corresponda.

A documentación anual remitirase dentro do mes de xaneiro inmediatamente seguinte ó ano que corresponda.

E imprescindible que tódolos Centros de Xestión remitan a información requirida e cumplan cos prazos establecidos, aínda cando nun mes non teñan operacións anotadas.

Os Centros de Xestión custodiarán e serán responsables de toda a documentación que xeren as operacións de ingresos, especialmente das facturas pendentes de cobro, non permitindo a súa prescripción e utilizando os métodos legalmente establecidos para a súa anulación se procedese.

UNDECIMA.

Para poder proceder á devolución de ingresos duplicados ou excesivos, o Centro de Xestión remitirá toda a documentación á Dirección Xeral de Presupostos, incluíndo no escrito os datos completos do debedor, data na que se contabilizou a débeda e ingreso, así como unha resolución na que se certifique o ingreso duplicado ou excesivo, asinada polo Director de Xestión ou responsable do Centro.

Unha vez comprobada a procedencia da operación, a Dirección Xeral de Presupostos despois de cerciorarse de que polo concepto que corresponda producíronse os ingresos suficientes que a amparan, autorizará ó Centro para que se proceda á súa devolución, debendo este emitir un documento de pagamento de devolución de ingresos, con cargo á mesma conta na que se produciu o ingreso duplicado. En ningún caso poderá efectuarse anotación negativa no programa de ingresos.

Respecto á anulación de debedores, no caso de comprobarse a emisión e contabilización indebida de facturas emitidas que non foran cobradas, e que por tanto proceda a súa anulación; esta realizarase mediante unha anotación negativa no debe ó debedor, referencia e concepto que correspondan, é dicir, ó que se aplicou no seu momento.

Os Centros de Xestión non contabilizarán os ingresos producidos como consecuencia dos intereses que podan xerarse en cada conta restrinxida, xa que o Banco Galego ten instrucións de transferi-los ditos importes á conta operativa do SERGAS - Caixa 07.


Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1993.

A DIRECTORA XERAL DE
PRESUPOSTOS



Asdo. MARGARITA RODRIGUEZ RAMA

O INTERVENTOR XERAL
DA COMUNIDADE AUTONOMA



Asdo. JUAN JOSE NOVOA MONTERO



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Dirección Xeral de Presupostos

Edificio Administrativo San Caetano, nº 3 • 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO DE CONCEPTOS DE INGRESOS

CÓDIGO	CONCEPTO (Explicación do Gasto)
1301.03	Inscripción convocatorias para a selección de persoal
1312.0301	Venda de publicacións
1363	Deudores varios e particulares
1364	Deudores accidentes de tráfico
1365	Deudores mútuas patronais
1370	Ensaio clínicos
1380	Reintegro orzamento pechado
1381	Reintegro orzamento corrente
1391.01	Xuros de demora
1399.02	Venda de papel
1399.05	Ingresos matrícula oficial
1399.06	Venda de prata
1399.69	Pensións F.A.S.
1399.98	Venda de outros bens
1399.99	Outros ingresos
1550	Ingresos patrimoniais concesións administrativas

ANEXO DE CONCEPTOS DE INGRESOS

<u>CODIGO</u>	<u>CONCEPTO</u>
100301	Venda de publicacións
100302	Venda de papel
100306	Venda de prata
100309	Venda de outros residuos (outros bens)
100361	Dereitos de exame
100362	Ingresos por matrícula oficial
100363	Debedores varios e particulares
100364	Debedores accidentes de tráfico
100365	Debedores mutuas patronais
100366	Outros ingresos.
100367	Ingresos Publicidad
100368	Ingresos prazas vinculadas
100369	FAS. (Fondo Asistencia Social)
100379	Outros Ingresos - Sancións SERGAS
100380	Reintegro de presupostos corrente
100381	Reintegro de pesuspostos cerrados
100420	Transferencias da Seguridade Social
100722	Fondo de Investigación Sanitaria.

Esta relación poderá ser ampliada, sempre de mutuo acordo pola Dirección Xeral de Presupostos e a Intervención Xeral da Comunidade autónoma, de oficio, ou a petición dos Servicios Centrais do SERGAS ou algún dos seus Centros de Xestión.